



'Po de estrelas', a ciencia sinxela e con sentido do humor

O biólogo Xurxo Mariño, profesor da Universidade da Coruña, publica co CCG unha nova obra de divulgación científica. **Páxina 38**

DIVULGACIÓN Xurxo Mariño achega a ciencia aos estudantes do país cunha linguaxe sinxela e sentido do humor na obra 'Po de estrelas'

Un Punset á galega

Explica o día a día dun astronauta, as vantaxes de ter unha mente bilingüe ou de que nace a depresión

Redacción · Santiago

Po de estrelas é o suxerente título da nova obra coa que o profesor da Universidade da Coruña, Xurxo Mariño, quere achegar a ciencia aos estudantes galegos. Este segundo volume inclúe 'novas receitas científicas' como continuación de *Os dados do Relaxeiro*, o seu primeiro traballo de divulgación científica.

Continúa así o seu labor para dotar os alumnos de "coñecementos útiles" para entender a vida cotiá dende o punto de vista científico. No acto de presentación estivo arroupado polo ilustrador Santy Gutiérrez e por alumnos do instituto Rosalía de Castro de Compostela, onde se celebrou o evento. Ao acto tamén asistiron o vicepresidente do Consello da Cultura Galega e coordinador da Sección Ciencia, Técnica e Sociedade, Francisco Díaz-Fierros; e polo director xeral de I+D+I da Xunta, Salustiano Mato.

O libro compila artigos de divulgación científica publicados no portal culturagalega.org, como tamén fixera na obra de 2005, ilustrada daquela por Xosé Lois. O "Punset á galega", como o definiu o ilustrador Santy Gutiérrez, achega con linguaxe sinxela e sentido do humor o día a día dun astronauta, a posibilidade de vida noutros planetas, as vantaxes de ter unha mente bilingüe, a procedencia neurolóxica dalgúns habilidades místicas,



Xurxo Mariño, pola esquerda, Salustiano Mato, Ubaldo Rueda, Díaz Fierros e Santy Gutiérrez

DISTRIBUCIÓN

Edítanse 4.000 exemplares

A infografista Manuela Mariño "vestiu" o libro con debuxos informativos nos que explica a orixe e a 'morte' do Sol así como aspectos vencellados coa estrela como o efecto invernadoiro ou a fotosíntese. As copias, que oscilan entre os 3.000 e 4.000 exemplares distribuiranse a través dos organismos cos que traballa a entidade e envíanse a bibliotecas ou a centros públicos para difundir o libro.

a depresión, como funciona o aire acondicionado, as posibilidades de que toque a lotería, cal é mellor invento dos últimos 2000 anos ou a importancia dos microorganismos na vida do planeta Terra.

Segundo explicou, a ciencia representa unha "parte esencial da cultura". Por iso, os seus artigos son unha "ferramenta" para fomentar a "capacidade crítica e cultural" dos máis novos. Bromeou con que, logo de ler o libro, todos terán "dispadas as dúbidas pseudocientíficas" e ningún acudirá a un vidente para que lle lea o futuro a través do Sol.

Mariño destacou que os relatos teñen unha vertente "práctica" e outra "filosófica", porque a obra

analiza aspectos científicos e a súa repercusión na vida diaria

O libro, editado polo Consello da Cultura Galega, abre cun prólogo escrito polo seu vicepresidente, Francisco Díaz-Fierros, e continúa con textos breves sobre diferentes aspectos científicos estruturados en cinco apartados. Ao final de cada relato, referéncianse páxinas webs nas que se pode atopar información ao respecto.

O toque humorístico do libro correu a cargo das ilustracións do debuxante galego Santy Gutiérrez, quen reconece que cando soubo que os seus gráficos ilustrarían un libro de divulgación científica se preguntou onde se "metera". ●